



Febreiro 2007

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Aldea Global

Paul Nicholson procesado por loitar contra o "deserto verde"

O pasado 8 de xaneiro, o compañeiro Paul Nicholson, da Vía Campesina e a organización agraria vasca EHNE, comparecía no xulgado de Gernika para declarar como imputado polas protestas contra o monocultivo de eucalipto no Brasil, o 8 de marzo de 2006. A fiscalía pide para el entre tres e oito anos de cadea. **Páx. 7**

■ Agroecoloxía

Agrourense planta a semente da experiencia Arco en Galiza

O 11 e 21 de xaneiro desenvolvéronse en Ourense unhas xornadas sobre agroecoloxía. Nelas participou a responsábel de agricultura ecolóxica do SLG, Charo Sánchez Parga, e sentaron a base para formar o primeiro grupo de responsabilidade compartida (Arco) en Galiza. **Páx. 12**

■ Mulleres

O SLG denuncia outro caso de discriminación de labregas

A Secretaría das Mulleres do SLG presentou, o pasado 2 de febreiro, un contencioso diante da discriminación de xénero -máis de medio milleiro de afectadas- que existe á hora de repartir os fondos das primas para a incorporación de cotitulares ás explotacións agrarias. **Páx. 13**



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISIÓNS
LABREGAS**

Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: prensa@sindicatolabrego.com

www.sindicatolabrego.com

Elena Espinosa admite que o plano leiteiro se fixo contra os intereses galegos

■ A Ministra de Agricultura declarou no xornal La Nueva España que foron especialmente "sensibles" coas peticións de Asturias fronte ás demandas da Xunta de Galiza.

■ Ademais, Madrid non moverá un dedo contra a liberalización do mercado leiteiro; mentres que a Consellaría si apoiará ao SLG fronte aos ditados de Bruxelas. **Páxs. 2 e 3**



O sector vitivinícola abre un ano de congresos para o Sindicato Labrego Galego

O pasado 27 de xaneiro, o sector vitivinícola inauguraba o calendario de congresos que o Sindicato Labrego vai realizar ao longo do 2007 para reorganizarse e afrontar os novos retos do agro do noso país. Deste xeito, haberá congresos para horta, froi-

ta e flor; pataca; leite; ovino e cabrún; e vacún de carne. Todo complementado de maneira transversal cun congreso de mulleres e un seminario sobre pequenas explotacións. Na imaxe, a Dirección Nacional do Viño elixida n'A Rúa. **Páxs. 4, 10 e 11**



Medio Rural comprometeuse co SLG a convocar a Mesa da Carne

Nun encontro entre a Medio Rural e o Sindicato Labrego Galego, a Consellaría comprometeuse a convocar de maneira inmediata a Mesa da Carne, e a apoiar decididamente a agricultura ecolóxica.

Ademais, no encontro, o SLG pediulle ao Conselleiro, accións para solucionar as debilidades das pequenas explotacións e o endebedamento que lastra aos nosos sectores agropecuarios. **Páx. 5**

O SLG pide unha solución non xudicial para o leite fóra de cota

Ante a situación provocada pola venda de leite fóra de cota, coas novas detencións en xaneiro a raíz das investigacións da Audiencia Nacional en relación co caso Churtal, o Sindicato Labrego saíu en defensa

dos produtores e produtoras por ser vítimas de todo este proceso ao non poder cambiar de comprador, ao ter que pagar supertaxas, ou por aturar a estafa de vender o leite ata por 12 pesetas menos o litro. **Páx. 6**





Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García

Colaboracións: Ero Sánchez
Rozas, Ramón Barreiro, Charo
Sánchez Parga, Isabel Vilalba,
Mariam Ferreira, Xosé Manuel
González Vilas, Lidia Senra e
Xoán Monasterio.

Deseño e maquetación:

Xosé García

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570

Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tif. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tif/Fax. 981 880909
ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tif. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tif: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
SAN SADURNIÑO - 981 490430
Lugar de Outeiro s/n
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Teléfono: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Teléfono: 630 970 131
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tif. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tif. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tif. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tif. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tif/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO- Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tif/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tif. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
MEIRA- Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño
Entrechán E. Tif/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, 1º andar. Tif. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13,
1º esq / Tifno. 981 789 781
PONTEAREAS
R/ Dario Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edif.
Rosales. Tif. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 718 526
VIANA DO BOLO Antigo centro de
saúde. Tifno. 629 621 047



Medio Rural únese ao SLG para oporse á liberalización do leite

O anuncio fíxose no seo dunha xornada sectorial organizada polo Sindicato Labrego en Santa Comba


*Hai dous meses, o SLG facía un chamado de-
mandado a unidade das forzas políticas e so-
ciais galegas diante das intencións da Comi-
sión Europea de liberalizar o sector leiteiro.
Entre o 18 e o 19 de xaneiro, o Ministerio de*

*Agricultura e a Consellaría de Medio Rural
amosaban as súas posicións: mentres que o
Madrid declaraba que non ía facer nada;
Medio Rural posicionábase "contra a libera-
lización do mercado de produtos lácteos".*

As novas comezaban a coñecerse o 18 de xaneiro, a raíz da celebración do Globaláctea 2007, unhas xornadas organizadas polo Ministerio de Agricultura (MAPA) en Oviedo sobre o sector leiteiro ás que asistiu o responsábel do Sindicato Labrego na bisbarra lucense d'A Mariña, Antonio Villarino.

Nelas, o secretario xeral de Agricultura e Alimentación do MAPA, Josep Puxeu daba por sentado que o sistema de cotas ía rematar no ano 2015, e daba a entender que o Ministerio xa o tiña asumido a liberalización do sector e que non ía facer nada por impedilo, nin sequera deseñar unha alternativa.

Un día despois, o 19 de xaneiro, no seo dunhas xornadas sobre o leite organizadas polo Sindicato Labrego en Santa Comba, ás que asistiron máis dun cento de gandeiros e gandeiras da



Mentres Antonio Villarino asistía ao Globaláctea 2007 de Asturias (esquerda), o Sindicato Labrego Galego organizaba unhas xornadas sobre o sector leiteiro na comarca de Santa Comba

bisbarra do Xallas, a Consellaría de Medio Rural tamén se posicionaba. Desta vez, o director xeral de Desenvolvemento Rural, Edelmiro

López Iglesias, afirmaba que a Consellaría estaba totalmente en contra da liberalización do leite anunciada por Bruxelas, e avogaba por

que sigan existindo "mecanismos de regulación da oferta e sistemas de apoio á renda dos produtores e produtoras".

Liberalización do mercado de produtos leiteiros = Destrución do sector

A liberalización do sistema leiteiro na Unión Europea, é dicir, a fin do sistema de cotas para que cadaquén poida producir o que lle pete, resultaría catastrófico para o noso agro. A xornada formativa de Santa Comba serviu para dilucidar os posibles efectos desa liberalización. Así, o responsábel dos sectores gandeiros do Sindicato Labrego, Xabier Gómez Santiso, debuxou de xeito conciso o panorama dun mercado globalizado do leite no que non existan fronteiras comerciais nin controis sobre a produción. Para iso, explicou que os prezos do mercado mundial están rexidos por tres grandes rexións: Estados Unidos, Unión Europea e

Nova Zelandia. Tendo os prezos baixos que temos hoxe en día na Unión Europea -ao redor dos 30 céntimos por litro, en orixe, cotización que xa se daba en 1987- as cousas irían a peor ao ter que competir con áreas como a celandesa, onde o valor do leite rolda os 16 céntimos por litro.

A desaparición do sistema de cotas e liberalización do sector que anunciou a Comisión Europea para 2015, e que asumiu publicamente o Ministerio de Agricultura, suporía que as nosas explotacións tivesen que competir nese mercado global sen límite para producir, con prezos semellantes aos de Nova Zelandia. Iso suporía un pau



Xabier Gómez Santiso, durante a súa intervención, xunto ao responsábel do SLG na bisbarra do Xallas, Gabriel López

brutal para o principal motor económico do noso agro que provocaría unha nova reconversión, con miles de

explotacións pechadas de novo e, desta si, unha debacle irreversible para o noso medio rural.

Elena Espinosa reconece que argallou un plano leiteiro contra os intereses de Galiza

A Ministra admite no xornal asturiano La Nueva España que obedeceron as peticións do Principado

As declaracións de Elena Espinosa no xornal asturiano La Nueva España desataron un auténtico trebón político na Galiza. Non é para menos. Nas súas declaracións, a Ministra de Agricul-

tura reconece que tivo especial sensibilidade con Asturias fronte ás peticións da Xunta. Tanto o Sindicato Labrego como a Consellaría de Medio Rural pedíronlle explicacións á res-

ponsábel da agricultura no Estado. O Ministerio xa pediu perdón, pero semella que iso non lle abonda a un sector leiteiro galego que, unha vez máis, foi traizoadado dende Madrid.

O Sindicato Labrego denunciou publicamente as maquinacións do Ministerio de Agricultura para favorecer a outras comunidades autónomas e marxinar a Galiza no reparto de cota leiteira, co agravante de que, nesta ocasión, foron @s máxims responsábeis desta área do Goberno quen o recoñeceron publicamente.

En primeiro lugar, o xornal asturiano La Nueva España publicou unha información, a medidados de xaneiro, na que a Ministra de Agricultura, Elena Espinosa, declaraba que o seu Ministerio foi especialmente "sensible" coas peticións de Asturias no Plano Leiteiro, e que "fronte ás demandas da Xunta de Galiza, o seu departamento mantivo que o 80% da cota a repartisen as comunidades autónomas como pedía o Principado". Dito noutras palabras, a famosa territo-

rialización da cota era para favorecer a comunidades como Asturias en contra dos intereses de Galiza.

E para iso, o Ministerio de Agricultura non o dubidou, nin sequera, á hora de saltarse a legalidade. Así, en Globaláctea 2007, responsábeis ministeriais anunciaron que a compra de cota leva aparellada prima -o cal é falso porque a prima láctea está acoplada no pago único-. Isto era algo descoñecido polo meirande do sector e fai sospeitar que o Ministerio estivo xogando con esta información de xeito privilexiado. Por se non abundase, tamén no marco de Globaláctea, anunciouse unha ampliación extraordinaria do prazo para solicitar cota, cando este expirara o 16 de xaneiro. Isto último é unha manifesta ilegalidade que contradí ao publicado no Boletín Oficial do Estado.



The screenshot shows the homepage of the newspaper 'La Nueva España'. At the top, there is a navigation bar with links: Portada, Clasificados, Ocio, Bolsa, Buscador, Turismo, Foros, Cine, TV Lne, Galerías, and a dropdown menu for 'Acceso rápido'. Below this, the newspaper's name 'La Nueva España' is prominently displayed. To the left, there are links for 'Volver a la Edición Actual', 'Extras', 'Titulares del día', 'Imágenes del día', 'Hemeroteca', and 'Portadas PDF'. In the center, the main headline reads 'EDITORIAL PRENSA ASTURIANA' followed by 'MAR Y CAMPO' and 'Espinosa: «Hemos sido sensibles con Asturias»'. To the right, it says 'Director: Isidoro Nicieza'.

Espinosa subrayó «la sensibilidad» del Ministerio con las peticiones de Asturias. Así, destacó que frente a las demandas de la Xunta de Galicia, su departamento «mantuvo que el 80 por ciento de la cuota la repartiesen las comunidades autónomas, como pedía el Principado, y que el resto se distribuyese desde Madrid para los ganaderos menos favorecidos». «Hemos hecho todo lo posible», agregó.

Velaí os textos do xornal La Nueva España nos que Elena Espinosa reconece que o Ministerio fixo un plano leiteiro para favorecer a Asturias e en contra da posición da Xunta de Galiza

O Sindicato Labrego lamenta que Elena Espinosa traizoase de maneira tan flagrante e descarada ao sector leiteiro galego. Neste senso,

o SLG esixiu da Ministra e que dese publicamente explicacións sobre todo este cúmulo de irregularidades e favoritismos territoriais

que, unha vez máis, deixan marxina a Galiza e prexudican directamente aos produtores e produtoras de toda Cornixa Cantábrica.

“Temos máis futuro do que pensamos, pero debemos poñernos as pilas”

Diante do panorama descrito, Santiso quixo lanzar unha mensaxe de esperanza ao dicir que "temos máis futuro do que pensamos, pero para conquistalo debemos poñernos as pilas". Para acadar iso, o responsábel dos sectores gandeiros do SLG propuxo un traballo en tres frentes: crear alianzas cos produtores e produtoras doutros países para dar unha resposta global de rexeitamento aos mandados de Bruxelas, loitar por uns prezos dignos que cubran os custes e o traballo nas explotacións, e amosarlle ao Goberno do Estado a oposición unánime do sector para obrigalo a defender unha postura contraria á liberalización na Unión Europea.

Xa pola tarde, a secretaria xeral do Sindicato Labrego, Lidia Senra, relatou ante o auditorio das xornadas a situación das explotacións leiteiras en Estados Unidos, país onde non existe ningunha política de control da produción. Nunha recente viaxe ao país americano, a secretaria xeral do SLG, Lidia Senra, comprobou que este modelo está creando graves problemas ao sector (as explotacións labregas de cen vacas están desaparecendo, o envellecemento é alarmante), no medio ambiente (a contaminación do aire, da auga e dos solos polos zurros acada niveis insostíbeis), na saúde (tanto dos traballadores e traballadoras como da poboación



Un cento de gandeiros e gandeiras do Xallas acudiron ás xornadas organizadas polo SLG

en xeral), e no eido dos dereitos laborais (as grandes granxas industriais empregan man de obra inmigrante, sen contratos laborais e, moitas veces, sen papeis).

O Sindicato Labrego Galego oponse rotundamente a calcar o sistema es-

tadounidense en Europa polas nefastas consecuencias que traería para o noso medio rural, en particular, e para todo o país, en xeral. Pola contra, o SLG seguirá a defender unha política leiteira na UE que estea baseada no control da produción,

que deberá orientarse ao consumo interno europeo; na existencia dun prezo mínimo que cubra os custes e o traballo nas explotacións; e nunha redistribución xusta do dereito a producir entre os labregos e labregas en todo o territorio da Unión.

Editorial

2007, ano de congresos no SLG: a túa participación é fundamental

Compañeira, compañeiro:

No Sindicato Labrego Galego comezamos o novo ano cunha tarefa moi importante na nosa vida interna: a celebración dos congresos sectoriais: Viño; Horta, Froita e Flor; Pataca; Leite; Ovino e Cabrún; Carne de Vacún; e o congreso das Mulleres; todos eles enmarcados dentro de todo o proceso congresual da nosa organización ao longo do 2007.

Como sabes, os congresos son os máximos órganos de decisión do SLG, nos que todos os afiliados e afiliadas temos voz e voto para decidir cales serán as liñas xerais de actuación durante os próximos catro anos.

Nos congresos sectoriais correspóndenos debater e elaborar que política queremos para todos e cada un dos

sectores produtivos nos que traballamos.

Por iso, e para facilitar a participación de todos e todas, é polo faremos en cada comarca unha asemblea previa a cada congreso sectorial, na que é moi importante que expoñas as túas ideas e propostas para seguirmos tendo unha organización forte que defenda os intereses dos labregos e labregas deste país.

Temos, ademais, que escoller en cada comarca ás persoas que formarán parte das distintas direccións de sector, animándovos a todos e a todas a participar e a presentarnos, porque o noso papel e presenza é fundamental na elaboración das propostas sindicais para o noso traballo e a nosa vida.

Para seguirmos dicindo en voz alta e en todos os sitios o que queremos co-

mo labregos e labregas, o que queremos para manter a nosa agricultura, o noso traballo de producir alimentos, o noso medio rural vivo, é polo que a túa participación nos congresos sectoriais do Sindicato Labrego Galego é fundamental.

Lidia Senra

Lidia Senra,
secretaria xeral do Sindicato Labrego



Suárez Canal comprométese co SLG a convocar a Mesa da Carne

Tamén aceptou apoiar ás pequenas explotacións e a agricultura ecolóxica

O Sindicato Labrego Galego mantivo, o pasado 23 de xaneiro, unha xuntanza co Conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, en Compostela; á que asistiron a súa secretaria xeral -Lidia Senra-, Xabier Gómez Santiso, Carme Freire, Manuel da Cal e Isabel Vilalba.

Esta reunión estaba enmarcada no interese que hai no SLG de que, a comezos de cada ano, se lle poidan presentar á Consellaría de Medio Rural as cuestións que deberían precisar do seu traballo ao longo do ano.

Un dos temas polo que o Sindicato Labrego mostrou interese foi a necesidade de consolidar os foros de diálogo no noso agro. Se ben xa se avanzou neste tema coa creación do Consello Agrario Galego, que era unha reivindicación histórica do SLG; agora existe a necesidade de afondar na interlocución entre as organizacións agrarias e o sector empresarial. Nesta liña, o SLG propuxo a posibilidade

de traballar para crear, no futuro, interprofesionais en cada sector agropecuario que dean un soporte legal ás mesas de diálogo que Medio Rural veu desenvolvendo ata o de agora. En relación a isto, o Conselleiro de Medio Rural comprometeuse a crear a Mesa da Carne, da que se convocará a primeira xuntanza o vindeiro 9 de febreiro.

Outra das propostas do Sindicato Labrego tivo que ver co desenvolvemento da agricultura ecolóxica. Aí, o conselleiro comprometeuse a publicar unha orde no Diario Oficial de Galiza que articule unha serie de axudas para promover este modelo agrícola no noso país.

■ Mercado interno e débeda das explotacións.

O Sindicato Labrego tamén lle presentou a Suárez Canal as liñas de traballo que debería contemplar a Consellaría para levar adiante os seus programas de desenvolvemento rural. Un dos puntos destacados desta serie de demandas do SLG foi a necesidade de desenvolver unha estratexia para posibilitar que os produtos das explotacións galegas poidan estar no mercado galego. Esta petición responde ao problema de que, en moitas ocasións, a xente que tenta mercar produtos galegos non os dá atopado no noso mercado; ou de que



O encontro entre o SLG e Medio Rural dá continuidade ao novo marco de diálogo estábel entre a Xunta e a Galiza labrega

moitas das nosas producións non son coñecidas pola gran maioría de consumidores e consumidoras.

Outro dos eixes reivindicativos que lle presentou o Sindicato Labrego ao Conselleiro tivo que ver coa defensa das pequenas explotacións. A comitiva do SLG explicoulle a Suárez Canal que hai un bo número de explotacións que, polo seu pequeno tamaño, se viron abocadas á desaparición

por mor das políticas agrarias aplicadas nas últimas décadas, cando a súa existencia é vital para manter o noso medio rural vivo.

Finalmente, o SLG tamén lle recordou Alfredo Suárez Canal a situación crítica pola que pasan moitas explotacións a causa do endebedamento que padecen debido, sobre todo, á dinámica de fortes investimentos á que se viron obrigadas para acometer plans de mellora.

25º Aniversario XXV

Feira do Viño de Chantada



ASOCIACION DE
ADEGUEIROS E
TRANSFORMADORES
DO MIÑO



CONCELLO DE CHANTADA

9, 10 e 11 de Marzo

O Sindicato Labrego organiza un seminario sobre pequenas explotacións

No encontro co Conselleiro de Medio Rural, o Sindicato Labrego instou a que, dende a Xunta, se defenda decididamente e con accións concretas ás pequenas explotacións.

Nesta liña reivindicativa, o SLG realizará, entre o 15 e o 16 de febreiro, un seminario baixo o título "Pequenas explotacións: unha aposta polo futuro". Nestas xornadas formativas, que terán lugar en Montouto (Teo), participarán especialistas como Xabier Simón, profesor de Economía Aplicada na Universidade de Vigo, co relatorio "Os beneficios socioeconómicos das pequenas explotacións"; ou Xoán Carlos Carreira, catedrático na Escola Universitaria de Enxeñería Forestal, coa charla "Pequenas explotacións: residuo ou alternativa de futuro?".

A xornada inaugural completárase, pola tarde, coa realización de tres grupos de traballo; mentres que a segunda xornada dedicárase por enteiro a elaborar propostas en base ao traballo do día anterior e, a raíz delas, o Sindicato Labrego planificará as liñas de traballo a escala local e nacional para defender e potenciar as pequenas explotacións no noso país.

O SLG esixe solucións non xudiciais ao problema do leite fóra de cota

O Sindicato Labrego saiu en defensa de produtores e produtoras diante da investigación do caso Churtal

Ante a situación provocada pola venda de leite fóra de cota, coas novas detencións en xaneiro a raíz das investigacións da Audiencia Nacional en relación co caso Churtal, o Sindicato Labrego Galego saíu en defensa

Para o Sindicato Labrego existen dous responsábeis ben claros nesta cuestión: un deles é o Ministerio de Agricultura -tanto na última fase do Goberno de Felipe González, co PSOE; como despois co PP-, pois fomentou a venda de leite fóra de cota como única resposta á conflitividade social que se estaba dando pola loita dos produtores e produtoras de Galiza, que demandaban poder incrementar o seu dereito a producir. A segunda culpábel foi a Administración de Manuel Fraga en Galiza, por ser cómplice do Ministerio no fomento desta compravenda de leite fóra de cota.

Así, os produtores e produtoras víronse na obriga de entregar o leite nestas condicións por non ter capacidade para decidir -aínda hoxe non poden cambiar a empresa que lles recolle a produción-; e a pesares de terse posicionado contra este tipo de prácticas, como demostraron as manifestacións e declaracións do SLG naquela época.

■ Explotacións: vítimas por cuadruplicado.

Desta maneira, as vítimas finais foron, e están sendo, as propias explotacións leiteiras e as cooperativas. Vítimas porque non se lles deixou producir o leite que precisaban para facer rendíbel a súa actividade, máxime cando as políticas gobernamentais e comunitarias orientáronse de cara a manter os prezos artificialmente baixos; vítimas por seren criminalizadas por unha práctica fomentada dende o propio Ministerio de Agricultura en compli-

dos produtores e produtoras por seren as vítimas de todo este proceso por non poder cambiar de comprador, por ter que pagar supertaxas, ou por aturar a estafa de que lles leven o leite ata por 12 pesetas menos o litro.

cidade coa Xunta de Fraga; vítimas por teren pagado, un ano si e outro tamén, millonarias supertaxas por pasarse dos seus topes produtivos; e vítimas tamén por verse na obriga de malvender o leite máis barato có seu prezo de mercado, ás veces ata por 12 pesetas menos por litro.

Para o SLG, xa vai sendo hora de que deixen en paz a produtores e produtoras, que problemas abondo teñen nos que pensar: prezos á baixa, dificultades para ampliar a base territorial das explotacións, débe-

das en aumento, supertaxas, planos leiteiros deseñados especificamente para impedir que Galiza poida producir máis, etcétera. Por iso, o Sindicato Labrego esixiu dos responsábeis políticos, con competencias para facelo, que procuren solucionar esta problemática por outra vía que non sexa a xudicial; e que, dunha vez por todas, o Ministerio de Agricultura comece a deseñar e aplicar políticas que apoién ás nosas explotacións e non que supoñan un obstáculo tras doutro na súa actividade.



O SLG fai pública a súa posición diante da vindeira Mesa da Carne

O 10 de xaneiro, representantes da Dirección Nacional da Carne de Vacún deron unha rolda de prensa para facer públicos os temas tratados na última xuntanza deste órgano do SLG, dos que xa se deu conta no pasado Fouce. En concreto, faláron Xosé Álvarez Lombardero, Xabier Gómez Santiso e Elías Somoza. Semanas despois, o 1 de febreiro, Somoza e Santiso volverían comparecer diante da prensa para facer pública a posición do Sindicato Labrego diante da Mesa da Carne, prevista para o 9 deste mes.

Un dos temas destacados foi o proxecto de cebo de

frisón da Xunta que, se ben nun primeiro intre propiciou o rexeitamento do SLG, agora se valora positivamente. Este cambio débese a que as intencións de Medio Rural son as de facilitar que as explotacións leiteiras poidan cebar becerros de raza Frisón en extensivo e en base á terra, con complementos alimenticios naturais.

O Sindicato Labrego, que se amosou en principio contrario á creación de macrocebadouros de tipo industrial que botarían por terra os prezos e a calidade da nosa carne de vacún, valora positivamente a orientación que a Consellaría de Medio Ru-

ral lle quere dar a esta actividade. Ata o de agora, boa parte dos nosos becerros frisóns vendíanse para ser cebados en Cataluña, para despois vir moitos deles de volta para Galiza para ser certificados nos matadoiros de aquí. Por iso, un cebo de frisón en extensivo proporcionaría un complemento ás rendas das explotacións leiteiras e deixaría o valor engadido desta actividade no noso país.

En canto aos prezos, Santiso e Somoza dixerón que estamos nunha conxuntura histórica, xa que había tempo que o valor da carne de vacún non estaba tan alto,



A Dirección Nacional da Carne de Vacún do SLG tivo que saír á palestra en dúas ocasións en menos dun mes

polo menos dende a crise das vacas tolas. "Queixarse agora dos prezos sería absurdo", afirmou Gómez Santiso, "pero sería importante que os valores que temos hoxe en día se manteñan. E para iso, habería que ir establecendo mecanismos de

transparencia na comercialización para garantir este nivel no futuro".

Finalmente, o SLG mandará na Mesa da Carne mecanismos que garantan a transparencia das pesadas e clasificación das reses nos matadoiros.

Procesan a Paul Nicholson por loitar contra o “deserto verde” no Brasil

A fiscalía pide entre oito e trinta anos de cadea para el e outros líderes e labregas da Vía Campesina

O compañeiro Paul Nicholson, da organización agraria vasca EHNE e da Vía Campesina, tivo que prestar declaración no xulgado de Gernika, o pasado 8 de xaneiro, polas accións de denuncia levadas a cabo contra a empresa Aracruz Celulosa no Brasil había un ano. A fiscalía brasileira pide para Nicholson entre oito e trinta anos de prisión só por apoiar unhas protestas nas que participaron 2.000 labregas. Xunto a el procesaron a trinta mulleres e, dende EHNE, denuncian isto como unha tentativa de criminalizar ás organizacións agrarias.

Os feitos acontecían o 8 de marzo de 2006, Día da Muller Traballadora, e deles xa se deu conta no Fouce 243. Ese día, unhas 2.000 mulleres da Vía Campesina ocupaban as instalacións da multinacional Aracruz Celulosa na facenda Barbanegra, no estado brasileiro de Rio Grande do Sul, e destruían un viveiro de plantóns de eucalipto. Tratábase dunha acción para denunciar os “desertos verdes” en que este tipo de industrias están a converter o agro brasileiro.

Aracruz é a maior empresa global de plantacións de eucaliptos para celulosa branquexada, e ten tras súa un historial devastador de destrución de terras, biodiversidade e fontes de auga no norte do Brasil por mor das 261.000 hectáreas de eucalipto que mantén plantadas en tres estados. Tamén ten o triste mérito de ter provocado o desprazamento forzoso de miles de habitantes das comunidades negras e indíxenas desa zona, e de terlle roubado a súa terra aos pobos Tupinikim e Guaraní ao comprarlle durante a ditadura brasileira aos seus donos daquela legais, pero ilexítimos.

Ademais, a Vía Campesina sospeita que nos laboratorios de Aracruz que se ocuparon estabese a investigar en tecnoloxía transxénica para aplicala ao monocultivo de eucalipto. Este acto valeulle o procesamento de trinta labregas e de varios líderes da Vía Campesina, como o propio Paul Nicholson; o secretario xeral, Henry Saraigh; ou a coordinadora das mulleres, a dominicana Juana Ferrer, que recentemente estivo en Galiza con motivo do Congreso Mundial de Labregas.



Paul Nicholson, entre Bové e Senra, na ocupación da sede de Nestlé en Vevéy, Suíza, en 2003

Paul Nicholson, sindicalista de Vía Campesina e EHNE

“Foi unha acción de loita pola vida e contra o monocultivo de eucalipto”

■ Como leva o feito de estar procesado polas protestas contra Aracruz Celulosa?

É unha cuestión seria, principalmente porque Río Grande do Sul é un estado de Brasil onde non hai garantías xurídicas da defensa da inocencia, e pola dimensión das acusacións. Hai inculpadas 37 persoas, cunha carga política clarísima. É preocupante, pero teño moita confianza na solidariedade das labregas e labregos, e das organizacións da Vía Campesina. Estou convencido de que imos saír inocentes. A campaña no só é de solidariedade coas persoas inculpadas; senón tamén política, porque vai xerar un debate que faga cuestionar as políticas forestais e alimentarias que se están a dar hoxe e que se perfilan no futuro.

Polo demais, o xuízo é complicado porque está concibido para probar a inocencia e non a culpabilidade das persoas procesadas.

■ Daquela, é un xuízo político?

É claramente un proceso político, porque a mesma petición internacional para que eu sexa un dos procesados reflicte a importancia que dá o Estado de Brasil ao

xuízo, cando neste país hai tantos asasinatos cuxos autores e responsábeis fican impunes. Tamén hai impunidade para o delito ecolóxico que se está a cometer coa deforestación da selva atlántica e tropical. A empresa Aracruz quere utilizar este xuízo como castigo exemplar.

■ Como están a responder os movementos sociais?

Esta acción do 8 de marzo está a facilitar unha unión de alianzas con moitos sectores da sociedade. Non é unicamente unha cuestión entre multinacionais e labregos e labregas, senón que é fundamental para os colectivos medioambientalistas e para os defensores dos dereitos humanos e sociais en torno á alimentación.

■ Porque unhas protestas contra Aracruz?

A acción nas instalacións de Aracruz tivo lugar no marco do día de loita da muller, e foi levada a cabo por mulleres labregas cuns obxectivos claros. Foi unha acción de loita pola vida e contra o monocultivo -neste caso de eucalipto-, que destrúe a cultura, a economía e a produción alimentaria en amplas zonas do mundo.

“Os transxénicos son unha ferramenta de apoio a este tipo de plantacións”

■ Este tipo de accións directas son necesarias?

En Vía Campesina temos uns criterios claros sobre as accións directas, en canto que deben ser masivas, transparentes, que non fagan dano ás persoas e que sexan emblemáticas na reivindicación. Ten que ser unha acción que mire á sociedade, nunca en contra dela. Neste caso, foi unha acción polo emprego e a vida, e en contra do deserto verde, que dentro duns anos a propia sociedade vai agradecer e defender, por ser unha acción de defensa do medio ambiente e dunha xestión sostíbel e solidaria dos recursos naturais. Enmárcase na loita dun uso social da terra, a auga e a biodiversidade.

■ Que campaña está organizando Vía Campesina diante deste xuízo?

Dende Vía Campesina estamos a preparar unha campaña de defensa da xente inculpada e contra os monocultivos ou desertos verdes. Tamén estamos organizando o apoio ás persoas procesadas -cartas dirixidas á xustiza e política brasileira, etcétera-, así como un traballo político en contra dos monocultivos que se dan en moitos países do mundo. Cómpre non esquecer que en conexión con este modelo de plantacións está a investigación e introdución de transxénicos en cultivos de piñeiro, eucalipto, millo e soia. A tecnoloxía transxénica é, actualmente, unha ferramenta de apoio aos monocultivos.

A Comisaria pide a labreg@s que vaian buscando outro choio

Fischer Boel di que a actividade agraria non dará para manter unha familia. A Coordinadora Labrega Europea (CPE) e a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) denunciaron as declaracións da Comisaria Europea de Agricultura Marianne Fischer Boel, cando a comezos de xaneiro afirmou que moit@s labregos e labregas "necesitarán outro ingreso aparte do agrícola" despois de 2013.

Tanto CPE e COAG, como SLG, cualificaron estas palabras coma un "menosprezo deliberado do valor do traballo agrícola". Nun comunicado, CPE e COAG critican que "Fischer Boel tente forzar o debate sobre o futuro da Política Agraria Común (PAC), mentres a Comisión Europea debería, en primeiro lugar, escoitar as expectativas e proposicións de labregos e labregas, da cidadanía, e dos seus parlamentos e gobernos".

Ambas organizacións proseguen dicindo que Boel "semella ignorar que, xa coa PAC actual, un grande número de familias labregas en Europa están obrigadas a recorrer a un traballo externo da muller ou do home para sobrevivir"; e critican que "en troques de mudar esta situación inaceptábel na que, de feito, o meirande dos labregos e das labregas non serven máis que para subministrar produtos baratos e para facer medrar á industria e á grande distribución, sen remuneración polo seu traballo; a señora Fischer Boel



Fischer Boel ri, mentres se dedica a deseñar políticas orientadas a destruír a agricultura labrega na Unión Europea

quere reafirmar esta situación e pechar toda perspectiva de ingreso agrícola".

Ademais, a Comisaria Europea, nunha conferencia pronunciada en Gran Bretaña o 4 de xaneiro, manifestou a súa preferencia pola supresión do réxime de cotas leiteiras en 2015.

Para a CPE, a COAG e o Sindicato Labrego, a Política Agraria Común xa fracasou nas súas sucesivas reformas, sempre ligadas ás esixencias da Organización Mundial do Comercio

(OMC), organismo que tamén fracasou na súa tentativa de organizar o comercio internacional. Tanto os labregos e as labregas, como o conxunto da cidadanía, necesitan unha PAC lexítima, duradeira e solidaria. E para acadala, cómpre impulsar unha Política Agraria Común que teña como prioridade unhas rendas dignas para os labregos e as labregas, unhas rendas que recoñezan o valor do traballo agrícola a través duns prezos ligados aos custos de produción.

O Estado español continúa á cabeza de Europa en superficie de transxénicos

O informe anual do Servizo para a Adquisición de Aplicacións Agrobiotecnolóxicas (ISAAA) volve a situar a España no primeiro posto do continente europeo en superficie cultivada con transxénicos. De feito, mesmo medrou lixeiramente con respecto ao 2005, pasando das 53.226 hectáreas dese ano a 53.667 no 2006, o cal supón un aumento do 0'8%. Deste xeito, o PSOE continúa coa política permisiva e irresponsábel iniciada do PP, chegando xa o millo manipulado no Estado a unha presenza do 14'8% con respecto ao total deste cereal.

Con respecto ás cifras globais -que sempre deben ser tomadas con cautela, pois o ISAAA é un organismo que defende e promove a manipulación xenética- por primeira vez se superou a cifra de cen millóns de hec-

táreas sementadas con transxénicos no mundo.

Un dato significativo a este respecto é o medre que experimentaron estes cultivos na India, que aumentou nun 192% as súas hectáreas dedicadas a OXMs, chegando a 3'8 millóns e converténdose no quinto país produtor do mundo. Este último dato triunfalista da ISAAA respecto da India contrasta coa realidade atroz dos OXMs neste país, que provocaron a ruína de miles de familias campesiñas, e o suicidio de 10.000 labregos, segundo as autoridades, ou 40.000, segundo as organizacións sociais. Se cadra por iso, o comunicado dirixido polo ISAAA aos medios de comunicación de todo o mundo incide de maneira sospeitosa no ben que lle está indo á agricultura india grazas aos transxénicos.

Comeza a subir o leite na Unión Europea, tal e como anunciara Lidia Senra

Tal e como anunciaba a secretaria xeral do Sindicato Labrego, Lidia Senra, tras participar no último Comité Consultivo do Leite da Unión Europea, atopámonos nunha conxuntura favorábel de mercado para que os prezos do leite suban.

Así o demostra que a interprofesional leiteira francesa, a CNIEL, recomendase unha suba do prezo do leite de 0'6 pesetas por litro; é de destacar que esta é a primeira alza que recomenda a CNIEL despois de cinco anos.

A Vía Campesina inaugura o Foro Social Mundial na cidade kenyana de Nairobi

A sétima edición do Foro Social Mundial inaugurouse, o 20 de xaneiro, no Parque Uhuru de Nairobi, en Kenia, diante de decenas de miles de activistas chegados de todos os currunchos do mundo. Neste acto inaugural tamén participou a Vía Campesina, membro do consello internacional do Foro Social Mundial, a través da compañeira Juana Ferrer, coñecida na Galiza por ter participado, recentemente, no Congreso Mundial de Mulleres da Vía Campesina celebrado en Compostela en outubro do ano pasado.

Juana Ferrer dirixiuse á multitude dicindo que "somos labregas e labregos do mundo, unid@s na loita. E eu, en particular, son de América; e América e África son dous pobos cunha mesma rota e unha mesma cultura. Únennos a esperanza, a forza e a resistencia ao imperialismo salvaxe. Loitamos as dúas contra dos que socavaron a nosa riqueza, cultura e pobos. E en contra dos que agora nos impoñen o modelo neoliberal. Un modelo que privatiza a nosa terra, as nosas sementes e a nosa auga. Un modelo de comercio libre que nos fai



Juana Ferrer durante a súa intervención na cerimonia inaugural do Foro Social Mundial

imposíbel poder gañarnos a vida con dignidade".

"Fronte a isto", proseguíu Ferrer, "na Vía Campesina estamos firmes na loita pola

soberanía alimentaria e polo outro mundo que si é posíbel. Reafirmamos neste Foro Social Mundial -no corazón onde naceu a humanidade-

o noso desexo de loitar xuntos con vostedes. A unidade é a nosa forza para derrotar ao imperio, ás súas institucións e ás súas políticas".

Comunidade de montes de Sabarís: proxectos dende a Prehistoria ao 2017

Frouma deseña un plan para recuperar e acondicionar un xacemento arqueolóxico de petroglifos no lugar

A Comunidade de Montes de Sabarís, moi preto do núcleo urbano de Baiona, en Pontevedra, vén de encargarlle á Asociación Forestal Frouma un proxecto de acondicionamento dun xace-

mento arqueolóxico no que hai catalogados varios petroglifos da Idade de Bronce. Pero este é só unha das liñas de traballo que os 162 comuneiros e comuneiras de Sabarís están a desen-

volver para pór en valor as 110 hectáreas de monte que xestionan. Entre as demais destaca un plano de ordenación 2007-2017 que reforestará o 60% do monte con especies frondosas.

Dende que en 1982 fora legalizada como tal a Comunidade de Montes de Sabarís, moito teñen mudado as cousas nesta parroquia baionesa. Un dato significativo ao respecto é que, daquela, en Sabarís só estaba forestado o 27% do monte; hoxe, 25 anos despois, as árbores ocupan o 100% da superficie, fundamentalmente piñeiros, eucaliptos e frondosas. Neste particular, na década que vén, executarase o plan de ordenación 2007-2017, que contempla a eliminación dos eucaliptos e a reforestación do monte cun 60% de frondosas e un 40% de piñeiros.

Pero un dos proxectos estrela desta comunidade de montes é o acondicionamento dun xacemento arqueolóxico de petroglifos que datan da Idade de Bronce (séculos III-II antes de Cristo). Este proxecto foille encargado á Asociación Forestal Frouma, en setembro do ano pasado, e xa comezou a dar os seus primeiros pasos grazas ao apoio económico dun Programa Operativo de Desenvolvemento e Diversificación Económica de zonas Rurais (PRODER). Tralo deseño dese plano están @s técnic@s de Frouma Mariam Ferreira, Eva Pereira e Xosé Antonio Teiga.

■ Repoboación con flora da Idade de Bronce

Así, nun prazo de deza-oito meses, procederase ao acondicionamento de dúas hectáreas de terreo que contempla a corta dos eucaliptos e a súa substitución pola flora que existía na época da que datan os petroglifos e que é fundamentalmente arbustiva, como uces, fentos e toxos; a creación dunha rede de camiños que permitan un



A Comunidade de Montes de Sabarís da emprego a unha media de tres persoas da parroquia por ano (arriba) e acondicionará un xacemento arqueolóxico con petroglifos (abaixo)

acceso doado á zona; e a construción dunha área de descanso e unha casopa de madeira que funcionará co-

mo centro de interpretación do monte comunal e dos seus achados arqueolóxicos en relación con outros do Val

Miñor. Nestes intres, están agardando polo permiso da Dirección Xeral de Patrimonio para comezar as obras.

Aproveitamento gandeiro de vacún en réxime silvopastoril

Aínda que o traballo no xacemento arqueolóxico destaca pola súa singularidade, en Sabarís teñen en marcha outros proxectos que non desmerecen deste. Un ten que ver co aproveitamento gandeiro do monte, e consiste no aluguer de 45 hectáreas de pastos arborados para crír gando vacún autóctono en réxime silvopastoril.

Tamén é de destacar o labor preventivo de lumes forestais e aproveitamento de biomasa que, no seo dunha mancomunidade, están a facer. De feito, Sabarís estaba clasificada como de alto risco de incendios hai dez anos pero, dende aquela, as lapas non volveron facer acto de presenza. O presidente da comunidade, Xosé Alfredo Pereira, explica que isto se debeu non só ao traballo forestal, senón tamén ao diálogo para resolver os intereses encontrados das explotacións gandeiras cos d@s comuneir@s. Pereira explica que "uns defendían o aproveitamento gandeiro do monte, e outros dicían que ese era un uso pouco interesante.

Ao final cederon todos, e "aprendemos". Hoxe, as 110 hectáreas de monte de Sabarís dan traballo durante todo o ano a unha media de tres veciños da parroquia, cunha idade que non supera os 45 anos, o cal supón un importante vencello entre a existencia do propio monte e os intereses da veciñanza. Outro vencello que incide nesta relación é o reparto anual de leña entre @s 162 comuneir@s.

Todas as denominacións de orixe na nova Dirección do Viño do SLG

O congreso d'A Rúa serviu tamén para elixir ao viticultor e adegueiro Manuel Docampo como responsábel *O Sindicato Labrego Galego elixiu, o pasado 27 de xaneiro, a súa nova Dirección Nacional do Viño, integrada por 26 representantes, entre titulares e suplentes, de todas as denominacións de orixe galegas. A elección fíxose no seo dun congreso sectorial, que tamén serviu para elixir ao responsábel do sector que, nesta ocasión, será un viticultor e adegueiro da zona vinícola an-* *fitriona, Valdeorras: Manuel Docampo. Ademais, o congreso marcou as liñas estratéxicas e de traballo a través das cales o Sindicato Labrego orientará as súas accións no sector vitivinícola.*

No acto inaugural, a responsábel da organización na bisbarra de Valdeorras, Mónica Vázquez Blanco, adianto a grandes trazos o contido do relatorio que se discutirá durante toda a xornada.

Así, o documento que se debía aprobar cos votos da afiliación, e despois de debater un bo feixe de emendas, incluía temas como a potenciación doutros tipos de asociacionismo amais das cooperativas, como asociacións entre adegas e viticultores e viticultoras; a importancia das denominacións de orixe para a defensa da autenticidade e tipicidade dos nosos viños; as estratexias do sector na Galiza para defenderse da globalización; as fortalezas e oportunidades das explotacións labregas; ou a apertura do sector a outros aspectos da cultura vitivinícola como o noso potencial para producir rollas de cortiza a partir dos nosos sobreirais,



Viticultores e viticultoras de todas as DOs galegas asistiron ao Congreso do Viño do SLG

barricas de carballo ou augardentes e licores.

O Congreso contou tamén coa presenza do alcalde an-

fitrión, José Vicente Solarat; e o presidente da denominación de orixe Valdeorras, José Luís García Pando.

Solarat agradeceu a elección do Sindicato Labrego d'A Rúa como lugar de celebración do evento, e expre-

sou o seu desexo de que servise para "mellorar as dúas calidades das que depende o sector: a calidade de vida daquelas persoas que se dedican aos labores do campo e, en concreto, ás do viño". Tamén recoñeceu que "estamos ante un reto difícil, pois o mercado estase a poñer cada vez máis complexo; pero tendo as mans, e tendo o clima, e a natureza que temos no país, difícilmente podemos fracasar nesta aventura".

Pola súa banda, Pando recordou que Valdeorras ten un reto para modernizarse diante da vindeira reforma dos regulamentos das denominacións de orixe que se vai impulsar dende a Consellaría de Medio Rural; e amosou a súa aposta, neste senso, pola calidade "non só no viño, senón tamén no xeito de traballar" e, aí, triunfarán "aqueles consellos reguladores que saiban desenvolver as iniciais máxicas do I+D+I".



Manuel Docampo, xunto a Lidia Senra, é o novo responsábel da Dirección Nacional do Viño do Sindicato Labrego

Axenda apretada para a directiva: eleccións nas DOs, OCM, etcétera

Na clausura, sería a secretaria xeral do SLG, Lidia Senra, quen debuxaría a grandes trazos os principais retos aos que se terá que enfrontar a Dirección do Viño nos vindeiros catro anos. En concreto, Senra dixo que "de principio, xa nos temos que poñer a traballar na elaboración das candidaturas para as eleccións aos consellos reguladores das denominacións de orixe. Outro reto que imos ter, relacionado tamén cos consellos reguladores, vai ser a adaptación dos seus regulamentos á nova Lei de Calidade Agroalimentaria. Trátase dun intenso traballo que recaerá, en boa parte, na dirección do sector, que terá que dinamizar todo este proceso".

Dentro do marco de traballo galego, Senra destacou o traballo que haberá que desenvolver en relación coa Consellaría de Medio Rural e as mesas do viño para que estas se convertan "nunhas interprofesionais máis estabéis onde se marquen os prezos da uva e do viño". Tamén a nivel de Galiza, a secretaria xeral do Sindicato Labrego dixo de "traballar os mercados locais, e a venda

directa dos produtos que elaboramos nas nosas propias explotacións (viños, augardentes, licores, etcétera)".

Finalmente, Lidia Senra referiuse ás ameazas do sector que veñen de fóra, como a reforma da organización común de mercado (OCM) do viño. Neste senso, Senra explicou que a Comisión Europea pretende "crear unha única OCM que englobe a todas nunha: viño, leite, hortalizas e froita, etcétera. Isto é unha barbaridade, é aínda non somos quen de ver que tipo de organización se vai facer que poida encaixar as problemáticas de sectores tan dispares e distintos". E "dentro desa OCM hai outro tema que nos preocupa moitísimo", proseguíu a secretaria xeral do SLG, "a proposta da Comisaría de arrincar 400.000 hectáreas de viñado no Estado español. Aínda non sabemos como vai afectar isto a Galiza, pero dende o Sindicato Labrego xa amosamos o noso máis firme rexeitamento, e xa fixemos propostas conxuntas con outras organizacións europeas ao respecto".

O relatorio aprobado analiza polo miúdo as ameazas e potencialidades do sector vitivinícola na Galiza

“Beber os nosos viños auméntanos a autoestima de sermos galegos e galegas”

Nas dezaseis páxinas que ten o relatorio aprobado no Congreso do Viño hai unha miúda análise do noso sector vitivinícola que afonda, especialmente, en aspectos como as súas ameazas e

potencialidades. Entre as primeiras, destaca a internacionalización do sector e a súa industrialización, que se expresa na confrontación entre os viños de calidade ligados a un territorio

(Terroir), como os amparados polas denominacións de orixe; e os caldos artificiais deseñados para venderse de xeito masivo e sen vencellos con ningunha rexión concreta (World Wines).

Pero fronte a esta globalización dos viños, o relatorio do SLG citaba unha serie de fortalezas que auguran un futuro prometedor:

■ **Consumo galego puxante:** Cunha media de 30 litros por persoa e ano nunha poboación duns tres millóns de habitantes, necesitaríanse 0'9 millóns de hectolitros de viño para abastecer a Galiza. Nembargante, o noso país produce só 0'4 millóns de hectolitros, dos cales o 25% véndese fóra. De aí que a conquista do noso mercado interno deba ser unha prioridade que poña fin a feitos como estar mercando máis de 18 millóns de botellas de denominacións foráneas e ter unha presenza forte de viños de mesa de orixe non galega.


■ **Diversidade:** Con cinco denominacións de orixe, coas súas oito subzonas; tres indicacións xeográficas de viño da terra e varias en

lista de espera; máis de sesenta castes autóctonas, das que só se recoñecen oficialmente doce; e unha cifra superior ás 400 adegas, das que máis da metade non superan os 100.000 litros de produción; temos na diversidade un dos nosos puntos fortes que esixe potenciar os mercados locais e unha maior información de cara aos consumidores.

No capítulo de demandas, hai un bo feixe delas, como pedir da Administración campañas para difundir a cultura do viño, conservación das paisaxes vitícolas, esixir das grandes superficies comerciais que operan na Galiza un trato preferente aos nosos viños como medida impulsora da nosa soberanía alimentaria, posibilitar a venda de viños de colleiteir@, medidas que inflúan directamente na mellora da calidade dos nosos caldos, etcétera.



A mesa do congreso coordinou o debate das enmendas, que había durar toda a xornada



Os membros elixidos para a Dirección Nacional do Viño do Sindicato Labrego Galego foron: Do Condado, Begoña Troncoso, Antonio Álvarez, Xoán Xosé Pérez, Antonio Álvarez, Pastora Gesteira e Dolores González. De Lugo, Tareixa García Ferradal, Tomás López, Xesús Vero e Álvaro Rodríguez. De Monterrei, Antón Alonso, Amadeo Salgado, Isabel García, Xosé Luís Francisco, Francisco Pérez e Manuel Eduardo Balboa. Do Ribeiro, Francisco Alonso, Beatriz Rodríguez, Xabier Diéguez, Xosé Villar, Elías Rodríguez e Adolfo Collarte. Do Rosal, Xoaquín Álvarez, Pablo Álvarez, Carme Lomba, Xosé Luís Dorado, Bernardino Ferreira e Manuel Álvarez. Do Salnés, Benigno Barral, Roberto Rivas, Susana Andón, Xosé Bermúdez, Xosé Manuel Fontán e Albino. De Valdeorras, Manuel Docampo (responsábel), Raquel Biscaia, Felisindo López, Francisco Xosé Núñez, Miguel Feijó e Manuel Sánchez.

As xornadas agroecolóxicas de Ourense plantan a semente de Arco en Galiza

Trátase unha iniciativa para fomentar a responsabilidade compartida entre consumo e produción

Entre o 11 e 21 de xaneiro desenvólvense en Ourense as primeiras xornadas sobre agroecoloxía, organizadas entre outros colectivos por Semente, Verdegaiá, Amigos da terra e A

Esmorga. Nelas participou, entre outra moita xente, a responsábel de Agricultura Ecolóxica do Sindicato Labrego, Charo Sánchez Parga, que formou parte dunha táboa redonda cos tres

principais axentes da cadea comercial: produción, consumo e distribución. Deste acto en concreto podería xurdir o primeiro grupo de responsabilidade compartida (Arco) en Galiza.

A finalidade das xornadas era propiciar ás persoas que asistiron a elas un achegamento ao mundo da agricultura e gandería ecolóxicas, e supuxeron unha forte aposta dende os colectivos organizadores para difundir a agroecoloxía como xeito de vida, tanto para os consumidores e consumidoras, como para as xentes que producen alimentos.

Un dos obxectivos das xornadas era o de resaltar a agroecoloxía como dinamizadora e transformadora da sociedade, xa que implica actuar de forma activa contra os modelos de produción capitalistas; mudar as relacións só comerciais por outras que dean cabida á confianza entre labreg@s e consumidores e consumidoras; boicotear de facto as grandes superficies comerciais para potenciar os pequenos establecementos de venda local; crear redes de consumo e distribución alternativas ás empresas distribuidoras, que só buscan o lucro facendo de intermediarias no proceso de intercambio; e un longo etcétera que sería difícil de enumerar en tan pouco espazo.

As actividades desenvolvidas ao longo dos dez días que duraron as xornadas, contaron coa presenza de numerosos persoeiros como o profesor de Economía Aplicada da Universidade de Vigo e colaborador do SLG, Xabier Simón, que dirixiu un vídeo foro baixo o título "Benvidos ao paraíso: a milagre almeriense", centrado nos impactos do modelo hortícola intensivo e industrial andaluz; César Lema, que dinamizou o vídeo foro "O ouro verde e as sementes da ira", no que se debateu sobre os trans-



Numerosos colectivos e asociacións aunaron esforzos para organizar Agrourense

xénicos e as súas consecuencias; o político e tamén profesor Xosé Manuel Beiras, que presentou unha palestra

sobre as problemáticas do agro dende unha visión agroecolóxica; ou o técnico agrario, Xan Pouliquen, que

tivo unha intervención relacionada coa produción ecolóxica e a situación do sector hoxe en día.

Papel reciclado, xabón, cociña vexetariana e compostaxe

Aparte das achegas persoais, tamén se celebraron veladas sobre dinámicas medioambientais que corron a cargo do colectivo Verdegaiá, ademais de diversos obradoiros, como os de papel e xabón, o de cociña vexetariana, ou o de compostaxe, que correu a cargo de Amigos da Terra e que se apoiou cunha exposición sobre este tema. Tamén houbo obradoiro de maduración de proxectos cooperativos de consumo consciente a cargo de Xoaniña, Árbore e Briante, e da federación de cooperativas Sinerxia. Nesta última actividade tratouse un proxecto ambicioso: a creación dunha central de vendas de produtos ecolóxicos en Galiza.

Encontro entre os sectores da produción, distribución e consumo

En canto ás mesas redondas, celebráronse dúas. A primeira foi sobre sectores agroecolóxicos, e nela participaron o sector de consumidores e consumidoras, representado pola cooperativa Árbore; o sector da distribución, que contou co colectivo Daiqui; e o sector produtor a través de Charo Sánchez Parga, responsábel de agricultura ecolóxica no Sindicato Labrego e produtora integrada a agrupación O Grelo Verde, da bisbarra de Verín.

Sánchez Parga aproveitou para presentar aos colectivos de consumidores

e consumidoras presentes as liñas básicas da agricultura de responsabilidade compartida, é dicir, o movemento Arco.

Isto xerou un bo debate entre os distintos colectivos participantes. Un deles chegou a interesarse en serio por esta idea, polo que, dende o Sindicato Labrego Galego, se vai tentar manter o contacto para ver se calla na creación dun grupo de consumidores e consumidoras que traballen na relación cos produtores e produtoras a quen lle mercan, que é o obxectivo fundamental de Arco (ver Fouce 249).



Charo Sánchez Parga, á dereita, representou ao Sindicato Labrego Galego e a O Grelo Verde nas xornadas

O último día rematou cunha mesa redonda de produtores e produtoras na

que participaron diversas asociacións representando aos diferentes sectores.

Contencioso contra un novo caso de discriminación de labregas

A Secretaría das Mulleres denuncia as primas para a incorporación de cotitulares nas explotacións

O pasado 2 de febreiro, a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego presentaba un contencioso contra a discriminación que padecen as mulleres beneficiarias das primas para a in-

corporación de cotitulares nas explotacións familiares. Facíao tras constatar a existencia de máis de medio milleiro de afectadas en toda a xeografía galega, dende A Mariña ata

Laza, dende as terras de Ordes ata a Fonsagrada; e despois de que lle fosen denegados os recursos de reposición presentados en decembro diante deste caso de discriminación de xénero.

As primas de incorporación de cotitulares impulsadas pola Consellaría de Medio Rural foron, en principio, ben recibidas polo Sindicato Labrego, xa que permitía ás mulleres poder acceder á cotitularidade real nas explotacións nas que estaban a traballar pero nas que non teñen recoñecidos dereitos administrativos.

A importancia desta medida de apoio para as labregas reflectiuse en que, das 1.100 solicitudes presentadas, 528 pertencen a expedientes promovidos por cónxuxes, dos cales máis de 500 son de mulleres. Ata aí, todo ben. O problema xurdiu no reparto do orzamento destinado para esta fin xa que, mentres ás incorporacións de cónxuxes -o 94'7% mulleres- se lles prac-

ticaba unha redución e levaban unha prima de 15.000 euros; o apoio económico a outro tipo de cotitulares -irmáns e irmás, veciños e veciñas, fillos e fillas, maioritariamente homes- recibiron a contía íntegra prevista de 23.000 euros.

Para a secretaria das mulleres do Sindicato Labrego Galego, "trátase dunha medida con claro impacto de xénero". Malia que a normativa que convoca as axudas non ten criterios discriminatorios, si que os hai na xestión das axudas por parte da Consellaría de Medio Rural, e esa discriminación sófrena todas as mozas que pretenden incorporarse á explotación agraria como cotitulares e nas que o titular anterior era o seu cónxuxe.



A Secretaría das Mulleres tivo que volver recorrer aos tribunais para solucionar un caso de discriminación das labregas

Aceptáronse tantas solicitudes nun ano como en toda a pasada lexislatura

As axudas para a incorporación de cotitulares nas explotacións son unha medida que levaba canda si un importante esforzo orzamentario, o que permitiu que se aprobasen 1.100 solicitudes, case tantas como en toda a pasada lexislatura (384 en 2005, 299 en 2004, 199 en 2003, e 387 en 2002).

Para o Sindicato Labrego Galego é unha mágoa que estas subvencións, a pesares da súa boa intención, nacesen con esta eiva na súa xestión.

Isabel Vilalba participará no Foro Mundial da Soberanía Alimentaria

A responsábel da secretaria das mulleres do Sindicato Labrego, Isabel Vilalba, foi elixida para representar á Marcha Mundial das Mulleres, o Foro Mundial de Pescadores/as e Traballadores/as da Pesca, o Foro Mundial dos Pobos da Pesca, o Comité Internacional de Planificación sobre Soberanía Alimentaria, a Rede Mundial de Soberanía Alimentaria, e Amig@s da Terra. Ao foro tamén foron invitados persoas como os presidentes de Mali e Venezuela, Amadou Toumani Touré e Hugo Chávez; ou o ex-vice Primer Ministro do Nepal, Bamdev Gautam.

Trátase dun evento de grande repercusión internacional que se fai grazas aos esforzos unidos de organizacións labregas, non gobernamentais, indíxenas, inmigrantes de pesca, e de mulleres de todo o mundo; agrupadas en movementos como a Vía Campesina, a Rede de Organizacións de

Produtores/as Gandeir@s e Agrícolas de África Occidental (ROPPA), a Marcha Mundial das Mulleres, o Foro Mundial de Pescadores/as e Traballadores/as da Pesca, o Foro Mundial dos Pobos da Pesca, o Comité Internacional de Planificación sobre Soberanía Alimentaria, a Rede Mundial de Soberanía Alimentaria, e Amig@s da Terra. Ao foro tamén foron invitados persoas como os presidentes de Mali e Venezuela, Amadou Toumani Touré e Hugo Chávez; ou o ex-vice Primer Ministro do Nepal, Bamdev Gautam.

Isabel Vilalba será unha das cincocentas mulleres e

homes que, en representación dun cento de países, estarán reunid@s durante unha semana en Mali para deseñar "estratexias dinámicas para implantar sistemas alimentarios a nivel global e local que apoiem á pequena agricultura e aos consumidores e consumidoras, fronte ás compañías multinacionais". Estas estratexias ficarán plasmadas nunha axenda política mundial e popular para traballar a prol da soberanía alimentaria en todo o mundo.

Nun comunicado de prensa emitido pola organización explícase que "o foro constituirá unha ocasión para que os medios de co-



Isabel Vilalba, como responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, colabora estreitamente coa Marcha Mundial

municación comprendan como os grupos de consumidores e consumidoras fomentan a produción alimentaria local en lugar dos produtos alimentarios globalizados; por que os agricultores e agricultoras levan a cabo unha agricultura sostíbel e loitan contra os alimentos modificados xeneticamente; o esforzo que están a

realizar as comunidades de pescadores e pescadoras para protexer os océanos; como os pobos indíxenas promoven a soberanía da xente sobre a terra, a auga e as sementes, e como se opoñen á privatización; por que os pastores defenden o seu estilo de vida nómada e a diversidade local do gando, etcétera".



Seminario: “Pequenas explotacións: unha aposta polo futuro”. 15 e 16 de febreiro, en Montouto (Teo)

O SLG realizará un seminario aberto a toda a súa afiliación baixo o título “Pequenas explotacións: Unha aposta polo futuro”. Será os días 15 e 16 de febreiro, no Hotel Congreso de Montouto (Teo). O programa é o seguinte:

15 de febreiro

10:30 Chegada

11:00 Apertura.

11:15 “Os beneficios socioeconómicos das pequenas explotacións”. Relator: **Xavier Simón Fernández**. Profesor Titular de Economía Aplicada. Universidade de Vigo.

12:45 “Pequenas explotacións: ¿Residuo do pasado ou alternativa de fu-

turo?”. Relator: **Xoán Carlos Carreira Pérez**. Doutor Enxeñeiro Agrónomo. Catedrático Escola Universitaria de Enxeñería Agroforestal. Vicerreitor de Infraestruturas. Universidade de Santiago
14:00 Xantar
15:30 Grupos de traballo.
20:00 Fin xornada

16 de febreiro

De 10:00 a 14:00 Elaboración de propostas en base aos debates e grupos de traballo do primeiro día.
14:00 Xantar

De 15:30 a 18:30 Planificación do traballo nacional e comarcal coas pequenas explotacións.

Establecemento das indemnizacións por sacrificio obrigatorio de gando

O obxecto desta orde é o establecemento das contías das indemnizacións a que teñen dereito os titulares de animais e/ou produtos sacrificados e/ou destruídos por motivo de erradicación de enfermidades animais, nomeadamente tuberculose bovina e brucelose no gando vacún, ovino e cabrún; ou encefalopatías esponxiformes transmisibles.

Para poder ter dereito ás indemnizacións establecidas nesta orde é imprescindible o cumprimento estrito da normativa en vigor sobre sanidade animal, programas de erradicación de enfermidades animais e vixilancia epidemiolóxica das encefalopatías esponxiformes transmisibles.

Máis información en calquera oficina do Sindicato Labrego.

Axudas destinadas a subvencionar o aluguer de vivendas

Asinado o contrato de arrendamento, o inquilino poderá solicitar a subvención ao aluguer regulada nel. As solicitudes de subvención para o arrendamento poderán presentarse do 1 de xaneiro ata o 10 de decembro de 2007 no rexistro da Consellaría de Vivenda e Solo ou no das súas delegacións provinciais.

No presente exercicio terán lugar procedementos de concesión de

subvención cada mes natural, de tal xeito que as solicitudes de subvención presentadas ata o día 10 de cada mes serán resoltas antes do último día do mesmo mes. **As solicitudes presentadas a partir do día 10 de cada mes serán resoltas no procedemento de concesión do mes próximo.** A concesión da subvención producirá efectos desde o día de presentación da solicitude.

Devolución parcial do imposto sobre o gasóleo agrícola

Esta orde fala do dereito a percibir a devolución dos impostos de hidrocarburos que se lles recoñece a todos e todas as titulares de vehículos que, con carácter previo aos consumos de gasóleo profesional nos motores dos mesmos se atopen inscritos no censo de beneficiarios, e á que se poden acoller@s profesionais da actividade

agropecuaria. Para inscribirse nese censo de xente beneficiada cómpre facelo nas oficinas do Sindicato Labrego Galego, onde se informará de todos os particulares que competen a esta orde.

O prazo para cumprir os requisitos e obrigas desta orde e poder beneficiarse dela estará aberto ata o **31 de marzo de 2007.**

Réxime de Pagamento Único e outras axudas directas

Orde do 30 de xaneiro de 2007 pola que se regula a aplicación do réxime do pagamento único e doutros réximes de axuda directa á agricultura e gandaría, así como a indemnización compensatoria, no ano 2007. Esta orde regula as seguintes axudas:

1. A solicitude á reserva nacional e a cesión de dereitos do réxime do pagamento único (RPU).

2. O procedemento para a solicitude, tramitación e concesión dos seguintes réximes de axuda comunitarios para o ano 2007: **a)** Pagamento desligado correspondente ao RPU para os titulares de dereitos concedidos. **b)** Pagamentos ligados á produción aos produtores de cultivos herbáceos, aos de vacún e aos de ovino e cabrún. **c)** Pagamentos específicos a produtores de proteaxinosas e cultivos enerxéticos. **d)** Pagamentos adicionais aos agricultores nos sectores de gando vacún de carne e de leite.

3. Tamén se regula a utilización das terras retiradas da produción en que a superficie xustifica dereitos de retirada, para cultivar materias primas para obter produtos con destino non alimentario.

4. Así mesmo, esta orde regula a

aplicación do sistema integrado de xestión e control de determinados réximes de axuda comunitarios.

5. Tamén se establece, en relación co Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (Sixpac) o tipo, lugar e prazo para a presentación das alegacións e solicitudes de modificación de certa información contida nel.

6. Así mesmo, establécense os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais que deberán cumprir os agricultores solicitantes das axudas directas da PAC, con relación á condicionalidade.

7. Tamén se regula nesta orde o procedemento para a solicitude, tramitación e concesión da indemnización compensatoria de zonas de montaña e outras zonas con dificultades.

O prazo para a presentación da solicitude unificada é ata o **16 de marzo de 2007**. Ademais, as solicitudes de primas ao sacrificio e as solicitudes de pagamentos adicionais á produción de carne de vacún de calidade terán catro prazos de presentación ao longo do ano. Máis información en calquera oficina do Sindicato Labrego.

Axudas para o fomento de contratación de seguros agrarios

O obxecto desta orde é establecer, no ano 2007, as axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios incluídos no Plan de Seguros Agrarios Combinados para o exercicio 2007. A subscrición do seguro realizarase exclusivamente a través das entidades aseguradoras autorizadas polo Ministerio de Economía e Facenda e incluídas na Agrupación Española de Entidades Aseguradoras de los Seguros Agrarios Combinados S.A.

(Agroseguro) ou a través dos axentes de seguros autorizados.

As datas de inicio e o prazo da subscrición e formalización da correspondente póliza de seguro sinálanse de forma particular para cada liña de contratación no plan anual para o ano 2007, onde constan as datas de inicio para a subscrición das pólizas do seguro de que se trate.

Máis información en calquera oficina do Sindicato Labrego.

Campaña de recoñecementos médicos a traballadores/as do sector agrario para o ano 2007

@s traballadores/as que desexen facer recoñecementos médicos, deberán estar dados de alta no REASS ou no Réxime xeral da Seguridade Social; non poden estar xubilados nin de baixa.

@s traballadores/as que xa foron o ano pasado, poden facelo de novo, sempre que xa pasara un ano dende o anterior recoñecemento.

Para solicitar recoñecemento médico, cada interesad@ deberá

cubrir as follas de solicitude, achegar a fotocopia do DNI e da cartilla da Seguridade Social e remitir a documentación a: Delegación da Consellaría de Traballo, Edificio Administrativo, Rolda da Muralla nº 70, 27001, Lugo. Máis información no Centro de Seguridade e Saúde Laboral, na Rolda de Fingoí nº 170, 27071 (Lugo), ou chamando ao número de teléfono 982 294 300.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-270 gaiolas para coellos, de 40x90.
-Sistema de limpeza con pas para arrastrar.
En Celanova (Ourense). Chamar polas noites ao 988 457 400

Véndese

-Sala de muxido WESFALIA con 4 puntos e 4 medidores.
-Tanque de frío de 850 litros.
Preguntar por Eloi nos teléfonos 988 425 274 e 680 744 717

Véndese

Herba seca en rulos.
Chamar ao 981 681 103

Véndese

-Coche sen carné seminovo, a gasóleo, con peche centralizado e elevador de fiestras eléctrico.
-Porta basculante dobre, reforzada, con porta de entrada.
Chamar ao 653 204 315

Véndese

Becerras pintas e un poldro de dous anos e medio, cor alazán.
Preguntar por Toño no teléfono 669 237 213

Véndese

Salvado e fariña de trigo para o gando. Muíño de Laxe (Castroverde).
Chamar ao 619 176 066

Véndese

Dous invernadoiros con xeradores de aire, en Celanova (Ourense).
Preguntar por Xulio no teléfono 605 400 351

Véndese

Volkswagen GOLF IV 1.9 TDI, do ano 2002, con moitos extras e con 92.000 quilómetros.
Chamar ao 686 983 589

Véndese

Remolque agrícola na Limia (Ourense), marca PASTRANA. 13.000 quilos de capacidade, 5x2'4 metros, ballestas no piño, eixe tandem, freo hidráulico, estrutura metálica e poliéster, apertura nos tres sentidos, basculante de cinco corpos ao 45%.
Preguntar por Xosé Antonio no 650 019 275

Véndese

Esterco de ovella en Maceda (Ourense).
Chamar aos números de teléfono 986 438 605 e 607 900 455

Véndese

Autocargador con documentación, marca TATO, de 16 m3.
Chamar ao 981 695 588

Véndese

Tractor JONH DEERE 2700 DT, en bo estado. Prezo a negociar.
Chamar ao 638 045 317

Véndese

-Circuíto de muxido MANUS, de tres puntos.
-Tanque de frío ALFA LAVAL de 730 litros.
-Xovencas con carta.
Preguntar por Xabier no teléfono 699 396 665

Véndese

Autocargador LACASTA P 14.
Chamar ao 981 517 755

Véndese

-4 lamias (llantas) marca MOMO, de 5 parafusos, montadas en cubertas de coche.
-4 rodas novas de lamia do 15.
-Viño de colleita propia da zona de Paradela (Sarria).
Preguntar por Ovidio no teléfono 610 258 060

Véndese

-Rotoempacadora KRONE.
-Rotativa de 1'65.
Chamar ao 628 071 424

Véndese

-Moto KTM de 350 cc de monte, en moi bo estado.
-Honda NSR de 80 cc, de estrada, en bo estado.
Chamar aos números de teléfono 686 468 800 e 619 301 049

Véndese

Rulos de silo de herba encintados, en Mesía (A Coruña).
Chamar ao 981 694 339

Véndese

Viño da zona de Portomarín, de colleita propia.
Chamar ao 626 686 509

Véndese

Sala de muxir de catro puntos marca MIELE. Con medidores de 33 e revisada hai un mes.
Chamar ao 981 797 084

Véndese

Barrica de viño de 100 litros de capacidade.
Chamar ao 982 164 103

Véndese

Dous tanques de leite de 350 e 400 litros.
Preguntar por Mariña no teléfono 981 483 144.

Véndese

Cornadizas, a bo prezo.
Preguntar por Xaime no teléfono 981 793 513

Véndese

Dúas porcas entre 150 e 200 quilos, criadas na casa e alimentadas con fariña e millo.
Preguntar por Álvaro no teléfono 981 691 881

Véndese

Dúas pías de pedra de 1'5 por 0'80 metros.
Chamar ao 981 797 548

Véndese

Por peche de explotación:
-Tractor John Deere 1140.
-Autocargador GALLAGRI.
-Encintadora FORTE.
En Outeiro nº 8, Masma (Mondoñedo).
Chamar ao 616 989 964

Véndese

Esterco de ovella en Baños de Molgas.
Chamar aos números de teléfono 988 430 146 e 686 304 617

Véndese

-Herba seca en pacas penas.
-Rolos de silo.
-Segadora rotativa.
-Grada de dentes.
-Autocargador.
-Remolque simple.
En Touro (A Coruña)
Chamar aos números de teléfono 981 517 414 e 981 517 084

Véndese

-Remolque espaxedor de esterco.
-Tanque de frío de 330 litros, marca ALFA LAVAL.
-Estendedor de silo con 1 ano de uso.
Chamar ao 982 164 103

Véndese

-Arado de tres regos.
-Grade de discos.
Chamar ao 628 071 424

Véndese

Tuias. Fáille á túa casa ou á túa leira un peche con tuias. Plantas coa raíz espida e de distintos tamaños. Vende Ramón.
Chamar ao 619 963 003

Véndese

Autocargador POTTINGER Euro-profi 1. En moi bo estado.
Preguntar por Gilo no teléfono 676 622 403

Véndese

Esterco de caprino en Allariz.
Chamar aos números de teléfono 988 441 000 e 627 094 135

Véndese

-Autocargador BEVILACQUA.
-Rotativa GALFRE de cinco discos.
Chamar ao 982 349 163

Véndese

LADA Niva 1.6. con enganche para remolque. En bo estado.
Chamar ao 649 823 161

Véndese

-Rulos de herba seca.
Chamar ao 690 828 935

Véndese

Vacas de leite por abandono. Na zona de Cambas.
Chamar ao 666 150 749

Véndese

Pinza desensiladora marca TENIAS.
Chamar ao 666 667 445

Véndese

Equipo de frío para adega de 3.500 frigorías. Seminovo. Prezo: 1.850 euros.
Preguntar por Xosé Antonio Carrasco no 981 295 429

Véndese

Tanque de leite de 1.050 litros, dous muxidos e sala de muxido de catro puntos.
Chamar ao 620 062 581

Véndese

-Arado de monte mediano.
Chamar aos números de teléfono 982 164 333 e 608 088 249

Véndese

-Autocargador JB con pico novo.
Preguntar por Xosé Manuel no teléfono 696 660 023

* * *

COMPRAS

Mércase

Cisterna de 10.000 litros.
Chamar polas noites ao teléfono 618 304 983

Mércanse

Xovencas ou vacas marcadas de raza Rubia Galega.
Preguntar por Manolo no teléfono 636 891 224

Mércanse

-Sulfatadora suspendida.
-Plantadoras de patacas.
Chamar ao 981 669 250

Mércase

Remolque de tractor con tracción para modelo PASQUALI.
Chamar ao 986 666 202

Mércanse

Pacas de palla. Mellor pequenas. En Teixeira (A Coruña).
Chamar ao 981 789 215

Mércase

Sistema de limpeza das cortes.
Chamar ao 628 616 664

Mércase

Encintadora de rolos.
Chamar aos números de teléfono 981 088 071 e 620 660 115

Mércanse

-Cisterna de 6.000 litros.
-Fresa de 2'30 metros.
Chamar aos números de teléfono 982 164 333 e 608 088 249

OUTROS

Búscase

Traballador/a para explotación de vacún de leite en Xermade (Lugo).
Chamar ao 627 950 681

Búscase

Traballador/a para explotación de ovino en Baños de Molgas.
Chamar aos números de teléfono 686 304 617 e 988 430 146

Alúgase

Finca de 7 hectáreas con dúas naves, en Touro (A Coruña).
Chamar aos números de teléfono 981 517 414 e 981 517 084



Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliado@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Manuel Docampo, responsábel da Dirección Nacional do Viño do SLG

O novo responsábel da Dirección do Viño do SLG chámase Manuel Docampo, e nel temos a síntese da vitivinicultura labrega: con dúas hectáreas de viñedos ecolóxicos na parroquia de Biobra (Rubiá), na Serra da Enciña da Lastra, Docampo rendibiliza o seu traballo cunha pequena adega. Segundo Cunqueiro, os viñedos desta zona son os máis altos de Galiza, característica que dá singularidade a uns acios de Mencía, Godello, Tempranillo e Sousón cuxo bagazo, dentro de pouco, será materia prima dunha destilería na que Manuel elaborará tamén augardentes e licores.

“Pensar que debemos sobredimensionarnos para mellorar é unha ameaza para o sector”

■ Que tal saíu o Congreso do Viño?

A miña valoración do congreso é moi positiva, tanto en asistencia como en participación. Tamén me pareceron boas as claves e pautas de traballo que se verteron para o futuro inmediato.

■ Que destacaría do relato aprobado?

Pareceume moi importante o tema da soberanía alimentaria. Aí entra o termos orgullo como pobo, o valorar o noso, o sermos quen de pensar que os nosos produtos son da mesma calidade, ou mellores, cós que traemos de fóra.

Temos unhas singularidades excepcionais para producir viños de gran calidade que é, precisamente, a tendencia. O mercado xa está canso de viños madeirados e tecnolóxicos e, agora, vai a viños que reporten sensacións diferentes en nariz e boca que, moitas veces, teñen que ver con aqueles aromas que había no pasado. E isto é algo que se man-

tén en boa parte dos viños galegos. Chama a atención que, mentres que toda Europa está volvendo á viticultura de precisión, os galegos aínda non saímos dela, xa que o minifundismo e as pequenas explotacións permítenos un control exhaustivo da nosa produción.

■ Pinta un panorama moi optimista, pero tamén haberá ameazas.

Ameazas hai moitas, como a Lei de Alcois, que supón un perigo claro para as pequenas explotacións e mira de potenciar máis a grande industria. Ameaza foi tamén a tentativa de impoñernos a denominación Viñedos de España. Ameaza é todo o que nos leve a pensar que debemos sobredimensionar as nosas explotacións para mellorar os nosos ingresos; iso non é certo, pois por moito que nos endebedemos, de seguro que non mellora a nosa situación, como xa se demostrou noutros sectores como o leiteiro.



Manuel Docampo é o novo responsábel da Dirección Nacional do Viño do SLG e ten os seus viñedos na parroquia de Biobra

“Os consellos reguladores deben ser instrumentos impulsores da nosa viticultura”

■ Pensa que se están a aplicar as políticas correctas para o sector vitivinícola galego?

Hai unha cuestión que eu non me canso de aplaudir: o feito de que a Consellaría de Medio Rural lograse sentar xuntos aos distintos axentes do sector na Mesa do Viño. Esta é unha ferramenta indispensable para que o sector sente a falar. Isto é algo que sempre viñemos demandando dende o Sindicato Labrego Galego, e agora foi esta Consellaría quen o puxo en marcha, cousa que está moi ben. Aínda non son moitos os contratos, pero nunca se empeza por arriba. Acadar uns prezos e unha calidade estábel no sector vitivinícola galego vai ser un traballo a medio e longo prazo.

■ Que opina do labor dos consellos reguladores das denominacións vinícolas galegas?

Creo que os consellos reguladores son a ferramenta máis válida que temos hoxe para loitar contra a globalización en canto que vinculan ao viño coa terra, cos produtores e produtoras, coa variedade. Outra cousa é que, historicamente, os consellos reguladores se utilizaron máis para leas políticas que para tirar do sector. Isto fixo que as denominacións de orixe galegas non puxesen os viños marabillosos que temos no lugar que lles corresponde no mapa vitivinícola do mundo. E iso é un problema.

Aí si que nos debemos concienciar todos e todas, e procurar non instrumentalizar politicamente os que deberían ser órganos impulsores da nosa viticultura, non órganos de control político.

“A viticultura ecolóxica ten menos custes e dá moitas máis satisfaccións”

■ Falaba de calidade. Pensa que ese é o camiño para as nosas explotacións?

Nós temos uns sistemas bastante sans, xa que a nosa viticultura non é do tipo industrial e intensiva, polo que temos unha posibilidade enorme de reconverternos polo camiño da calidade, e non da cantidade. E a calidade tamén leva canda si a cuestión da saúde, no senso en que minimiza ou prescinde dos tratamentos químicos, máxime cando está demostrado que, nestas latitudes, se pode facer viticultura ecolóxica sen problema, tal e como demostra que haxa explotacións adscritas ao Craega en todas as denominacións de orixe de Galiza.

A calidade é unha aposta pola recuperación daqueles aromas e sensacións que o viño nos pode achegar e que, ao mesmo tempo, serán a ferramenta que nos salve deste mundo globalizado e das economías industriais deslocalizadas. Digo isto, porque

agora preténdese deslocalizar o viño para que poida vir de calquera sitio e non asocialo nin á terra nin ao produtor ou produtora que o fixo. A nosa fortaleza está en que, na Galiza, aínda non abandonamos iso, e que é xusto iso o que lle vai dar valor engadido aos nosos caldos.

■ Vostede é un bo exemplo de viticultor que optou por investir nunha pequena adega propia para embotellar. Por que?

A min sempre me apaixonou o mundo do viño, e sempre pensei que, en situacións difíciles, a terra é a única que nos pode permitir sobrevivir. Os galegos e as galegas somos grandes superviventes e, nese senso, e como apaixonado do viño, apeteciame traballar aí. Agora mesmo, estou indo alén coa legalización dunha pequena destilería para facer augardente e licores de produción ecolóxica. A idea é tentar obter coa miña actividade uns

ingresos dignos que lle permitan vivir á miña familia grazas ao traballo nunha pequena explotación.

■ Está moi difícil o tema da comercialización?

É certo que a comercialización está difícil, non se pode dicir outra cousa. Hai un baixón no consumo, e costa buscallo acomodo aos produtos diferenciados. Pero en toda a historia do viño, houbo grandes épocas de crise e sempre se saíu delas.

■ Por que produce en ecolóxico?

Eu son un grande consumidor de produtos ecolóxicos. Teño dúas fillas e un fillo e, no posíbel, na nosa familia procuramos consumir produtos ecolóxicos porque estamos convencidos de que a nosa saúde é o máis importante. Por iso, non concibo facer viticultura sen facela en ecolóxico. Ademais, demóstrolle a quen queira que a produción ecolóxica ten menos custes e dá moitas máis satisfaccións.